


Síguenos en



Biblioteca
Facultade de Ciencias da Educación

www.educacion.udc.es/biblioteca
bibedu.blogaliza.org

educacion.bib@udc.es


Setembro – Decembro
2014

BIBLIOTECA DA FACULTADE DE
CIENCIAS DA EDUCACIÓN

www.educacion.udc.es

SEMINARIOS DE ASESORAMENTO AO INVESTIGADOR/A

Continuamos cos cursos de formación e asesoramento a docentes e investigadores/as, cunha serie de seminarios prácticos para un grupo reducido de persoas que servirán de apoio na investigación.



A nosa proposta:

1. Seminario 1 (outubro): Organiza a túa información.
 - a. Alertas bibliográficas e lectores RSS
 - b. Xestores bibliográficos
 - c. Traballar na nube
2. Seminario 2 (novembro): Avaliación da produción científica.
 - a. Entidades de acreditación e normativa.
 - b. Criterios de avaliación
 - c. Fontes
3. Seminario 3 (xaneiro): Crear e xestionar un perfil de investigador (IRALIS; ORCID; Researcher ID, Scopus...)
4. Seminario 4 (febreiro): O acceso aberto
5. Seminario 5 (marzo): Ferramentas educativas utilizando as TICS (plataformas educativas, video, edición de imaxe, edición web, infograffias, contidos multimedia...)
6. Seminario 6 (abril): Uso ético e legal da información

Máis información na biblioteca. Duración aproximada de cada seminario 2 h.

CURSOS ALFIN

Ofertamos, como cada ano, unha serie de cursos de alfabetización informacional para o alumnado e docentes da facultade. Pódese elixir entre os seguintes menús:



PETISCOS: ½ HORA. Alumnado 1º
Visita guiada. Xoves de 12-12.30 h
Presentación dos servizos e utilización do catálogo. Xoves de 13-14 h
MENÚ 1: Habilidades para o acceso e xestión da información (I). A Biblioteca e os seus servizos. Principias fontes. 2 horas. Alumnado de grao.
MENÚ 2: Habilidades para o acceso e xestión da información (II). Procura avanzada e xestores bibliográficos. 3 horas + plataforma Moodle. Alumnado grao e mestrado.
MENÚ 3: Xestores bibliográficos. Refworks. 1 hora
MENÚ 4: TFG e TFM. Buscar e xestionar a información. 4 h + plataforma Moodle.

Tódolos menús organízanse para grupos: a petición dun/dunha docente para o seu alumnado, dun departamento para os seus profesores, dun grupo de docentes, ou dun grupo de alumnos.

CARTA

Se prefires pedir á carta, temos unha oferta variada de pratos nos que elixir, e ademáis facemos menus adaptados ao cliente. Fai a reserva canto antes.

CURSOS EN LIÑA

A Biblioteca utiliza a plataforma **Moodle** para a realización de cursos semipresenciais, e ten creado o curso **Habilidades para o acceso e xestión da información en Ciencias da educación**. Pódesnos solicitar a alta.

Ademáis dos cursos que organizamos dende a Biblioteca da Facultade, o **Servizo de Biblioteca** (Central) organiza cursos de formación utilizando a plataforma Moodle.

A **FECYT** (Fundación Española para Ciencia y Tecnología) oferta cursos en liña para usuarias/os das distintas universidades. Está aberto o prazo para matricularse nos cursos:

- Integración de métricas de JCR e ESI
- O xestor de referencias Endnote
- Búsquedas por autor e por los identificadores de RID e ORCID e a avaliación da produción científica con métricas basados en citas
- Novedades na Web of Science (SciElo Citation Index, colaboración con Google Scholar, integración de métricas de JCR e ESI)
- Avaliar as revistas na Web of Science con métricas de Journal Citation Reports-nova versión!
- Avaliar o máis citado da Web of Science con Essential Science Indicators: Nova versión!

EXPOSICIÓNS.

[Sala, peceiras de creatividade](#) e [Recuncho de lectura](#)

Este verán tivemos no *Recuncho de lectura* unha exposición de xilografías, cianotipias e fotografías de Teresa Pedroso. E nas *peceiras de creatividade* a mostra Lecturas de verán, cunha selección de libros que recomendamos dende a Biblioteca para a súa lectura.



Nos vindeiros meses, no [Recuncho de lectura](#):

Miriam Rodrigues, artista portuguesa, expón os seus gravados, nos que as árbores son sempre as protagonistas. Augafortes intervidas con acuarela.



Datas: setembro e outubro 2014
Lugar: Recuncho de lectura

Carlos Botana, artista galego. Pintor, gravador e mailartista. O mar sempre está presente na súa obra.



Datas: novembro e decembro 2014
Lugar: Recuncho de lectura

NÉBEDA. Clube de lectura e encontros literarios



E continúa o noso clube de lectura e encontros literarios, Nébeda.

nebedaclubeleectura.wordpress.com

Ata agora estivemos con **Dores Tembrás** e com **Francisco X. Fernández Naval**, que nos achegaron á obra de **Xohan Torres** e de **Julio Cortázar**.

Paralelamente ao clube de lectura temos un **cineclube** moderado por **Juan José Bueno Aguilar**, no que proxectamos películas e curtas relacionadas coa lectura do mes. As películas proxectadas ata agora foron *Las cartas de Alou*, de **Montxo Armendáriz** e *Saïd de Lloreçs Soler* e *Blow up*, de **Antonioni**.

O clube conta coa colaboración de **Iria Sobrino Freire**, **Patricia Carballal Miñán**, **Juan José Bueno Aguilar**, e o escritor **Francisco X. Fernández Naval**. Coordinan o clube: **Inma Doval Porto** e **María Gutiérrez Calvete**. Ten axuda económica do **SNL da UDC**.

Lectura actual "*A distancia do tambor*", de **Eva Veiga**



A distancia do tambor.
Espiral Maior,
2014



Encontro literario coa autora, **Eva Veiga**
Data: 1 de outubro, ás 17h
Lugar: Recuncho de lectura

Cineclube. A vindeira proxección está aínda por determinar, pero coincidirá coa lectura do clube e estará relacionada coa creación poética ou a vida e obra dun escritor ou escritora. Seguiremos a contar coa colaboración de **Juan José Bueno Aguilar** como moderador do mesmo.

Lembrámosvos que temos unha colección de cine de máis de 700 películas de materias relacionadas coa educación, psicoloxía e afíns, que se poden levar en préstamo. Podedes consultar os títulos no catálogo ou ben no noso **Pinterest** de cine. <http://www.pinterest.com/cineduca>

Com motivo da lectura de *A distancia do tambor*, realizaremos unha mostra sobre a creación poética e a poesía no cine nas "peceiras de creatividade"

Lembrárvos que temos ao voso dispor un espazo cultural e expositivo, o *Recuncho de lectura*, 30 marcos de piñeiro e dúas vitrinas, que podedes utilizar na biblioteca, tanto para exposicións persoais (fotografía, pintura, gravado...) como en traballos co alumnado.